

TOLOSCONTOSCURTOS

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS



IES Alexandre Bóveda
Departamento de Lingua Galega e Literatura
Equipo de Dinamización da Lingua Galega
Maio 2021



XELA ARIAS

LETRAS 2021

—cabalos desbocados—

eran cabalos desbocados pola praia
cabalos/ desbocados/ polas praias/ da cidade.

Denuncia do equilibrio

Para poder seguir cantando
cando ansío unha saída,
para tronzar os valos
das rúas prohibidas

Sés

TÁBOA

LIMIAR.....	9
AQUEL VERÁN.....	11
O MEU LENZO.....	13
UNHA TARDE COS CASTREXOS.....	15
AUSENTE.....	17
NOITE.....	19
A SORTE DE XOÁN.....	21
HISTORIA ANTIGA QUE ME CONTOU UNHA FORMIGA.....	23
O AMIGO DOS MEUS PAIS.....	25
A CADELA CHARLI.....	27
FUXIDA.....	30
MEDO.....	33
SORRÍ, AVOÍÑA, SORRÍ!.....	35
LIBERDADE.....	37
MIÑA TERRA.....	38
PINTANDO.....	40
ELA.....	42
RECORDOS PERDIDOS.....	43
AMÉRICA É FEMININO.....	44
ELA.....	45
TEMPO PASAXEIRO.....	47
SEN TI.....	49
SENTIMENTOS MIXTOS.....	50
AS MIÑAS PALABRAS FAVORITAS.....	51
A REVOLUCIÓN DIXITAL.....	53

LIMIAR

Un ano máis tendes entre as mans o resultado do esforzo creativo do alumnado do centro.

Un ano máis demóstrase que a nosa rapazada ten moito talento e unha vontade rexa para que a nosa lingua, a pesar de todos os atrancos, tronce os valos e emerxa das súas gorxas nun rebulir morno e teimudo.

No ensino, o galego debe ser a lingua que falemos sempre entre profesorado, alumnado e persoal non docente. Só así poderemos pór o noso gran de area na normalización lingüística. Fagamos do noso centro un pequeno oasis no que as palabras galegas galopen coma “cabalos desbocados polas praias da cidade”.

Obrigado a todas as persoas que fan que este país siga tendo unha lingua de seu e berren afoutas verbas dos nosos devanceiros.

Esperamos que gocedes lendo os vinte e catro textos que conforman este volume.

AQUEL VERÁN

Laura Lupicki Rodríguez (2º BAC B)

PREMIO DE BACHARELATO

Dez anos. Pasaran dez anos dende que me namorara por primeira e única vez.

Todo comezara con aquela horribel viaxe a Marsella. Pasara a longa viaxe escoitando os choros da miña nai. O meu avó morrera dous días antes e tiveramos que ir pasar unhas semanas a unha aldea aburrida e solitaria no sur de Francia en vez da viaxe a Nova York que planearan os meus pais. E aínda por riba, vira soamente o meu avó tres veces na miña vida. Por que non me deixaran coa avoa Madalena? Por que tiña que pasar un dos mellores veráns da miña vida con xente que non coñecía?

Mais, quen o ía dicir? Valera a pena. Claro que valera.

Lembro vagamente os primeiros días, mais nunca esqueceréi aquel mércores. Aquela tarde estaba na praia, lendo *Matar a un ruiseñor*, o meu libro favorito, cando apareceu. Sorriume e con aquela voz tan magnética díxome: *Matar a un ruiseñor!* Bo libro. Non coñezo moita xente a quen lle guste. Gústache?

Como podía alguén irradiar tantos sentimentos en tan pouco tempo? Alegría, enerxía positiva, amabilidade, dozura... Todas aquelas calidades, vira nela. E non sei que vira ela en min, mais conectáramos. Conectáramos como nunca antes conectara con ninguén. Comezamos a falar. A falar de todo e de nada. E cando nos decatamos, o sol xa se estaba a pór deixando un fermoso luscofusco.

Comezamos a combinar todos os días. E eu era feliz. Feliz por primeira vez dende había semanas. Non necesitaba falar para me sentir ben con ela, podíamos estar horas sen falar, contemplando o vaivén das ondas do mar. Ou esbardallar. Ou chorar e desafozar. Eu confiaba e comprendíaa e ela a min. Pouco a pouco, aquela sensación de bolboretas no estómago foise convertendo nun forte ardor de paixón e aquelas palabras en pequenos bicos roubados, agarimos e murmurios. Os meus días eran ela. Acordaba cedo para poder pasar o máximo de tempo con ela. Para poder sentila.

Nunca crera naquelas historias que contaban os contos. Eran parvadas. Porén, era verdade, o que ocorre e que non te decatás até que o vives. Como comprender todas aquelas sensacións que sentía a todas horas? Eran demasiadas en pouco tempo. Era case doloroso, mais adictivo. Coma unha droga. Esa que te enche por dentro cunha sensación de poder e enerxía. E así, poder aproveitar aqueles bicos, agarimos e sentimentos. Aproveitalos con medo a estragalos. Con medo a que rematen. E no fondo sabes que van rematar. E aínda que doía, remata. Como todo. No entanto, ti non a esqueces.

Polo menos eu non a esquecín. E dez anos despois, atópaste cun billete de avión nun aeroporto lembrando todos os momentos compartidos. E coma se estivese ao seu carón outra vez, mergúllome nos recordos e o tempo pasa sen que un se decate. Até que chegas a Marsella e colles un taxi até aquela vila que tanto odiabas, e que agora amas.

E ves o mar, e lembrás os pícnicos na praia. E ves a súa casa, e lembrás as noites con ela. E camiñas até a súa porta, e lembrás os longos paseos pola vila. E tocas o timbre, e lembrás a súa risa. E a porta ábrese. E es feliz. Es feliz por primeira vez dende hai dez anos.

- Bonjour, Charlotte!
- Ola, Uxía!

O MEU LENZO

Ingrid Caamaño Tubío (4º ESO E)

PREMIO DO SEGUNDO CICLO DA ESO

Non son quen de debuxar a túa mirada. Esconde tantos segredos e misterios que é imposible plasmalo todo no círculo do teu iris. Non son quen de que o papel transmita a intensidade coa que me miran os teus ollos escuros todas as mañás. Esa que parece dicirme algo nunha linguaxe que eu non coñezo. Esa que me traspasa cando pensas que eu non me decato. Unha ollada que semella que leva consigo amor e indiferenza á vez. Para descifrala, necesitaría o código dos teus lunares. Eses que enchen a túa pel coma se alguén a pintase con pingas pequenas, simulando ser estrelas. E tes tantos que non podo contalos.

Tampouco son capaz de debuxar o teu sorriso, o que me cega cada día até coa máscara posta. Igual outra persoa non, mais eu son quen de percibir alí escondido, o teu sorriso torto. O que só dedicas a uns poucos e que eu coñezo tan ben. Mesmo son capaz de imaxinar a túa fochiña dereita, mais non de debuxala. Coñezo tan ben o teu rostro, que podo recrearte até cos ollos pechados. No entanto, non son quen de coller o lapis e plasmar todos os sentimentos que agachas detrás del e que forman parte de ti.

Non podo debuxar as poses despreocupadas coas que te apoias nas paredes ou coas que te sentas na cadeira ou no sofá. Nin o constante movemento ao que expós o teu corpo, que nunca te vin quediño. Nin tan sequera a fluidez coa que abrollan os teus guechos de cabelo. Nin o tacto das túas mans cando pasas ao meu carón e me rozas sen querer. Ou querendo. Nin as ironías e brincadeiras que me din os teus beizos. A min e a ninguén máis. Nin a paixón coa que me contas todo o que en verdade gozas.

Quería debuxarte así, para que os demais puidesen percibirte como o fago eu. Porque se non, non serías ti. Sen a túa mirada de lúa, os teus lunares de estrelas, o teu sorriso torto, as túas poses e movementos caóticos; o teu cabelo despreocupado; o tacto, ironía e brincadeiras dos teus beizos; a paixón coa que me falas... Quen serías?

Amor, non son quen de te debuxar tal como es, porén, quero que saibas que sempre saberei pintarte con palabras (como agora).

UNHA TARDE COS CASTREXOS

Sandra Caamaño Tubío (4º ESO E)

PREMIO DO PRIMEIRO CICLO DA ESO

Era un precioso día de primavera e os meus pais decidiran levarnos a un monte que hai preto de Rianxo, a vila natal do meu avó. A miña irmá e eu estabamos correndo e xogando polo monte vendo un castro en ruínas. Nun momento determinado afastámonos deles sen querer. Achegueime a un dos castros que estaba bastante ben conservado. Comenteino coa miña irmá e decidimos entrar. Observamos detidamente o castro por dentro até que, de súpeto, lembrámonos de que tiñamos que volver xunto aos nosos pais, pois o máis probábel é que estivesen nese momento preocupados por nós.

Cando saímos do seu interior, non dabamos creto e non entendiamos que pasara, mais todos os castros do arredor estaban perfectamente conservados, cos seus tellados de palla incluídos. Vimos que preto de alí había unhas nenas cun neno, máis ou menos da nosa idade, vestidos dunha forma moi rara, e fomos falar con eles. Preguntámoslles se viran os nosos pais, mais parecía que non. Dixéronnos os seus nomes, moi difíciles e que non eramos capaces de pronunciar. Leváronnos a un castro onde había un señor moi vello meditando. Tiña un bastón de madeira e unhas roupas que ninguén hoxe en día queredría poñelas. A súa barba e o seu cabelo eran moi parecidos aos de Dumbledore nos filmes de Harry Potter. Díxonos que estabamos nun mundo paralelo ao noso, na época dos castrexos, e que agora teríamos que ficar alí nesoutro mundo até que se fixese de noite e saíse a lúa. Explicounos que no noso mundo non pasaría o tempo, así que aos nosos pais non lles daría tempo a botarnos en falta. Mentres esperabamos a que anoitecese estivemos a xogar cos nenos do castro, que eran moi simpáticos, a uns xogos parecidos aos que

temos nós hoxe en día mais feitos con materiais naturais: pedras, paus, etc. O certo é que o pasamos estupendamente.

Cando anoiteceu, o ancián achegouse a nós e colocounos uns preciosos colgantes de pedra feitos por el, decorados con animais salvaxes, para que cando quixésemos visitalos puidésemos facelo desde calquera lugar. Os nenos do castro, a miña irmá e mais eu puxémonos moi contentas de poder volver a vernos. Tamén nos insistiu en que non podíamos dicirlle a ninguén nada do que ocorrera.

Cando regresamos ao noso mundo alí aínda era de día, o ancián tiña razón. De feito, seguía sendo a mesma hora que cando nos metiamos no castro. Alí estaban os nosos pais, lendo uns carteis informativos coa historia do castro. Nin se decataron da nosa ausencia. Porén, nós tiñamos saudade deles. Aínda así... Que divertido fora pasar unha tarde cos castrexos! A miña irmá e eu chiscámonos un ollo, estabamos desexando volver a ver os nosos novos amigos.

AUSENTE

Patricia Lourido Otero (2º BAC B)

A primeira vez só quería illarme, quería descansar por un momento de todo o que estaba a pasar na miña vida e sorprendinme aquí dentro. Descubrín un novo mundo, un lugar onde reinaba a paz e todo se atopaba impregnado dunha fascinante serenidade. Comecei a facer isto cada vez que quería escapar da realidade. Adentrábame no meu paraíso os días en que todo era ruído, caos e angustia, eses días interminábeis que semellan meses, no entanto, cada vez era máis habitual. Desaparecía minutos, horas, ou mesmo días. Chegou un punto no que vivía totalmente ausente. E, por suposto, o meu corpo estaba presente e eu continuaba coa miña vida con total normalidade. Porén, esa non era eu, soamente era o meu corpo, o envoltorio, o que se ve desde fóra, que vagaba dun lado ao outro e parecía que tomara vida propia para levar as rendas da miña.

De súpeto, as cousas mudaron. Un día todo se tinguiu de cor negra e a calma e serenidade que antes reinaban esvaeceron. Despois dese día non volveron aparecer. O meu recuncho de paz convertérase nun mundo de caos moito peor do que eu trataba de evitar, moito peor que o mundo real. A angustia apoderouse de min e eu quería saír, sentíame fechada no meu corpo e levaba tanto alí dentro que perdera a noción do tempo. Mudeime ao interior da miña mente. Mais agora quero sair, quero volver á realidade, aínda que sexa por un momento. O problema é que non sei onde estou. Busco unha luz, unha porta, un buraco, algo, algún lugar polo que volver ao mundo exterior. Porén, non o atopo. Floto perdida neste abismo, no interior da miña mente. Verdadeiramente non sei se pasaron horas ou días, mais eu continúo á procura dun sinal, un indicio, calquera cousa que me devolva á realidade e estou arrepiada. Teño

moito medo de ficar neste inferno toda a eternidade. Estou moi cansa, non teño folgos para continuar e perdo a esperanza. Párome a descansar e... que é iso? Parece unha voz. Fago un esforzo por escoitar o que di mais non entendo nada. Nin sequera estou certa de que estea falando en galego. Sinto algo. Alguén está tocando a miña perna, espera... a miña perna! Sinto a miña perna! Tento tomar o control sobre o meu corpo, pouco a pouco. Primeiro as pernas, os dedos, as mans... Agora sinto os latexos do meu corazón, comezan a se acelerar, bumbum, bumbum, bumbumbumbum, un asubío! Escoito un asubío! Finalmente consigo abrir os ollos. Alguén está mirándome. É un médico. Estou nun hospital? Aínda estou tentando entender o que acontece cando aparece a miña nai. Sen articular nin unha soa palabra, agárrame da man, dáme un bico na fronte e as bágoas comezan a correr pola súa cara. Non comprendo nada do que está a acontecer. Ollo a enfermera que se atopa aos pés da cama. Ela decatase do meu abraio e limítase a dicir:

-Cando tentamos afrontar os problemas sen pedir axuda, corremos o risco de que finalmente os problemas acaben connosco”.

NOITE

Elena Vila Riveiro (1º BAC C)

Noite. Xa era de noite. O sol xa caera coa intención de deixar todo sumido nunha escuridade como a daquela noite sen lúa. Como noite de inverno que era, estaba chovendo a cachón, como se a chuvia quixese asolagar todos os camiños e destruír todo ao seu paso. De momento, a treboada mantíñase calada, oculta na chuvia e no vento, que facía que as árbores fixesen forza por se manteren ergueitas e non saíren voando.

Atopábame subida no meu tellado, gozando da chuvia na miña face, de como mollaba cada pequeno espazo do meu rostro e, xa que a miña cara estaba mollada, unhas tímidas bágoas empezaron a se camuflar no meu rostro xa mollado. Estas bágoas estaban constituídas por un cúmulo de sentimentos que levaban moito tempo silenciados. E foi nese momento cando as bágoas remataron de alagar o meu rostro e os meus berros se desataron. Estoupou a outra treboada.

A miña treboada estaba composta por todos aqueles sentimentos que non puiden contar, que tiveron que almacenar e que me destruíron internamente durante estes últimos meses mentres estiveron reclusos. Agora, as cousas non ían mudar moito, mais, polo momento, un pequeno sentimento de liberación fixo que a pesar de seguir a chorar, a miña cara tivese un sorriso por expresión facial e empezase a rir do ridícula que me estaba a ver.

Depresión. Para moitos, unha doenza; para min, o meu peor inimigo. Iso fora o que me dixera o psicólogo cando lle describín os meus sentimentos.

Suicidio. Para moitos, unha idea inimaxinábel; para min, unha idea que estaba no meu cerebro permanentemente.

Acabar coa miña vida, rematar todo este sufrimento.

Non creo que ninguén me botase en falta. Non existo. Levo meses sendo unha alma en pena que vaga realizando unha rutina que me encadea á vida.

-Mátate. Acaba, covarde, morre xa! -dixo unha das voces da miña cabeza, esas que só eu escoito.

Decido levantarme para tentar que cale. Non cala.

Nese momento atopábame de pé no tellado da miña casa coa intención de volver durmir e ignorar as voces. Quedaba só un paso para poder entrar cando por un infortunio pisei unha tella que estaba moi mollada e caín.

Negro. Todo se voltou negro. Escoitaba á miña volta sutís voces que parecían falar do meu crítico estado. Non a vía mais ao meu redor había moita xente, xa que estaba na beirarrúa de debaixo da miña casa. Notei unhas leves descargas no meu peito, porén, eu non abrín os ollos. O sabor do sangue veume á boca. Sabía doce.

A SORTE DE XOÁN

Paula Penedo Quinteiro (4º ESO F)

Para Xoán aquel ano rematara moi mal. Xoán era un rapaz de doce anos, vivía cos seus pais e coa súa irmá Sabela de nove anos. El era un rapaz moreno, todo o contrario a súa irmá que era loira e branca de pel.

Xa era final de curso e a Xoán quedabanlle catro materias. Daquela, tiña que estudar no verán, e igual tiña que repetir o curso se non aprobaba en setembro. Por se fose pouco, enfadárase cos seus dous mellores amigos e estaba moi triste porque rematara o curso sen poder arranxar as cousas con eles. Seguro que se perdoarían, porén, non lle gustaba rematar o ano desa maneira. Fora unha parvada que non vén a conto, aínda así sentíase moi mal. Non tiveran tempo para falar, xa que eles ao rematar as clases marcharan coas súas familias de vacacións. El tamén marchaba o luns, na autocaravana nova que mercaron seus pais a semana pasada. Ían de viaxe os seus pais, a súa irmá Sabela e o seu curmán Xurxo que, ao final, tamén se apuntara. Aínda que el non tiña vontade de nada, algo bulía no estómago que non o deixaba respirar.

“Estas van ser as peores vacacións da miña vida” pensaba Xoán. Coa autocaravana pararían en miradoiros e merendeiros, e tamén pasarían días na praia. Ao comezo da viaxe non estaba moi alegre. Todas as mañás estudaba para setembro e polas tardes baixaba coa súa irmá e o seu curmán á praia para xogar ás pas e nadar. Aínda que, de cando en vez, meditaba sobre se volverían levarse ben, el cos seus amigos, ou deixarían de ser amigos para sempre.

Os estudos non lle ían de todo mal. Co tempo que dedicaba e coa axuda dos seus pais ía entendendo todo. Se seguía a ese ritmo era posíbel que recuperase en setembro.

Un día, cando estaban os tres na praia, achegouse un grupo de nenos. Preguntáronlles aos tres se querían xogar a fútbol con eles, nun parque que estaba preto da praia. Necesitaban tres xogadores máis no equipo. Foron con eles e estiveron xogando case toda a tarde, e así todos os días até o final do verán.

Fixéronse todos moi amigos. Combinaron para se chamar por teléfono e volver atoparse para o ano seguinte, mesmo en visitarse cando lles cadrase pasar preto de onde vivise calquera deles. Fixeran un grupo de amigos que tiña pinta de ser destes que perdura moito tempo. Ás veces, como di o dito, “nunca choveu que non escampase”, pensou Xoán. Por fin a súa sorte ía mellorando e o sorriso volvía aos seus beizos.

HISTORIA ANTIGA QUE ME CONTOU UNHA FORMIGA

Nerea Pallarés Barca (4º ESO E)

De aquí a un tempo, mentres ía por follas buscar para me saciar, tiven eu a sorte do seguinte presenciar:

-Quérote. -confesou nun fío de voz apenas audíbel.

-Que dis? -preguntou el mirándoa algo incrédulo-. Se falas con vociña de princesa non te escoito. -disimulou e tratou de ofendela para que pegase un berro que desmentise aquela delicadeza.

-Que te quero! -repetiu ela nun ton de entre tenrura e irritación.

El non contestou. Ficou quedo no sitio coma estatua. O movemento dos seus cabelos verdes por mor do vento producía un forte contraste coa súa postura.

-Agora ouviches? Espera, non contestes. Se me vas soltar a charla dos amores imposíbeis que está agora tan de moda, mellor non fales. Podes aforrarcha. -dixo aparentando seguridade mais con certo tremor.

-Eu... -apenas acadou a dicir el.

-Ah non, non, xa sei do que me vas falar. Do da liberdade, táctica máis nova. Claro que ti non podes pasar o día mirando cara ao chan porque prefires pescudar formas nas nubes, ou mirar para os amenceres... Ai xa sei! Que debes ser fiel ás túas raíces, iso estarás cavilando en dic...

-Entón, vasme deixar falar? -cortouna el entre gargalladas. Que pensas ti que se me perde nas nubes? Estaría a perder as túas cores. E nos amenceres?! Faltaríanme os teus recendos. O de que é unha tolemia si cho digo, si. Porén, non pensas que me pode gustar isto do imposíbel? Son árbore e estoume a namorar!

Floreta, queres comigo casar?

-Que falas ti de casar, ho! O do imposíbel está moi ben, mais por favor, que son flor. Non che chega co meu amor?

-Chégame con te ver, miña droga do querer!

E así foi como Armeo e Floreta entreteceron raíces deixando en mans do amor o xogo das perdices.

TOLOSCONTOSCURTOS

O AMIGO DOS MEUS PAIS

Anxo Reigosa Pallas (3º ESO B)

28 DE SETEMBRO

O mes pasado cumprín os seis anos. Agora son considerado unha persoa máis adulta e, polo tanto, máis responsábel. O que eu non sabía era que isto provocaría moitos cambios: unha nova casa, unha nova escola, novos amigos potenciais, novos pais, etc. En resumo, unha nova vida.

Recordo moi ben como comezou todo. O día anterior ao meu aniversario estaba na escola a esperar meus pais. Estaba moi aburrido porque normalmente me recollen nada máis saír. Entón, un amigo dos meus pais achegouse a min e díxome que meus pais non podían vir recollerme e o mandaran a el.

Despois diso, subín ao coche do amigo dos meus pais porque a súa casa estaba moi lonxe, porén, deixoume xogar co seu rectángulo máxico, o que fixo que a viaxe pasase axiña. Alén disto, descubrín un xogo moi divertido chamado “angri berds”. Dende entón vivo na casa do amigo dos meus pais porque eles están moi ocupados facendo cousas de adultos

Este cambio trouxo moitas cousas boas. Por exemplo, agora podo ficar até tarde vendo a tele, podo comer todos os doces que queira e a casa do amigo dos meus pais é moi grande. Tamén podo estar dentro de casa todo o día xogando a videoxogos. É máis: o amigo dos meus pais só me deixa saír da casa para ir á escola porque di que na súa cidade hai moitos secuestradores.

No entanto, isto tamén me trouxo varias cousas malas. Un exemplo é que na miña escola tiven que empezar a usar un nome novo e, como levo seis anos usando o mesmo nome, ás veces nos exames ou nas tarefas puña o meu vello

nome sen dar-me de conta. Tampouco se me fai moi sinxelo facer amigos porque nunca podo saír da casa para xogar.

Estes inconvenientes son manexábeis, mais o que me pon súpertriste é que teño moita saudade da miña nai e do meu pai. Pregunteille varias veces ao amigo dos meus pais sobre eles, mais el di que non sabe canto tardarán en voltar. Daquela, pregúntolle se podo falar con eles polo rectángulo máxico e el explica que se chama móbil e que os meus pais están ocupados de máis con cousas de adultos.

Por todas estas cousas comecei a escribir neste diario. Pode soar raro, mais cando escribo aquí penso que podo lidar mellor cos meus problemas porque sinto que falo con alguén. Dito isto, até mañá diario.

A CADELA CHARLI

Xoelo López Rodríguez (2º ESO B)

Ola a todos e a todas, vouvos contar unha historia. Comeza así: Miña... ups! perdoade que non me presentei. Chámome Charli e son unha cadela. Agora si que podemos comezar. A miña historia iníciase nunha granxa. Eu estaba alí, cando de repente vin unha luz. Tentei vela de cerca, mais esvarei e encontreime coa miña nai acababa de nacer! Poucos días despois, o meu dono, o granxeiro Paco, co seu irmán Pepe, encontróme coa miña nai. E logo de que Pepe me observara un momento, dixo:

-Paco, mira que cadeliña máis fermosa, podemos ficar con ela?

E Paco dixo:

-Pepe, esta cadeliña é moi fermosa, mais non podemos ficar con ela porque xa temos outros animais. Non podemos ter outro, teremos que vendela. E así foi como coñecín a miña nova dona, Alicia. Alicia tiña dezaseis anos, cabelo curto e estudaba en segundo de bacharelato. Dende ese día paseino moi ben, moi moi ben. Eu quéroa moito e non sei se ela me quere tanto, como eu a ela.

Cando eu tiña meses, debía saír fóra a facer as miñas cousas. Ela levábame ao parque en bici (eu ía diante na cesta) e logo xogabamos a que me guindaba paus e eu recollíaos. Chegabamos á casa e ceaba porque Alicia e eu pasabamos toda a tarde no parque. Logo deitábame na miña caseta, e así todos os días. Porén, un día Alicia mercoume algo, algo que non sabía o que era. Lémbrome de que era redondo e con manchas. Xa sabía o que era: unha bóla nova! Desde entón, ía ao parque e xogaba a todas horas coa bóla. Era moi chula. Un día rompeu e chorei. Chorei e chorei e chorei ... até que o 30 de

xaneiro apareceu Alicia con moitas cousas envoltas en papel de agasallo. Que sería? Cando xa pasaran uns minutos desde que o vira, pensei que era o aniversario de alguén, mais, en realidade, era o meu aniversario! Xa pasara un ano desde que Alicia me comprara. Aínda lembro ese momento. Saltei enriba dela e deille unha lambetada e unhas cantas máis. Volvemos ao que estaba a contar. Despois de abrir os agasallos, o último era moi grande. Seguro que era algo moi especial para min. Axudoume a abrilo e eran... moitos xoguetes! Unha bóla nova (fiquei moi leda), un óso para morder e outros xoguetes moi divertidos para enredar. Estaba moi feliz. Sabía que Alicia me quería para sempre. Logo de abrir os agasallos (xa era pola tarde-noite) ceei e deiteime. Fun pechando os ollos lentamente...

Cando espertei, caeume enriba da fronte unha baba. Tratábase da baba dun can. Abrín os ollos rapidamente e vino. A pelaxe castaña, os ollos castaños, baixiño coma min e delgado. Acabábame de namorar dun can. Era o can da curmá da amiga de Alicia, que veu visitala porque estaba de viaxe por aquí en Vigo. Ela viña de Inglaterra e tiña un ton un pouco gracioso. Alicia ofreceuse para ensinarlle a cidade e Mariña dixo que si (que era como se chamaba a dona de Alberto). Tiven que aproveitar todo o que puiden, para coñecelo mellor. Cando estabamos cerca do parque, para que o visitase Alberto, díxenlle se quería ver como collía eu a miña pelota, cando ma lanzase Alicia. El dixo que si. Entón puxei da correa para que Alicia me seguise até o parque. Alí lanzoume a pelota e Alberto viu como a collía. Dixo que estaba abraiado e preguntoume como podía facer iso. Eu respondinlle con só dúas palabras: con práctica. E así todo o tempo do paseo turístico pola cidade, dicíndolle a Alberto o que era capaz de facer. Entón, é cando ocorreu algo xenial e marabilloso. Alicia díxolle a Mariña se quería ficar connosco unha noite a durmir. E Mariña dixo que si. Iso foi espectacular para min. Así podería coñecer mellor a Alberto e durmir ao carón del. Cando volvemos do paseo turístico pola cidade, fomos á casa cear. Alberto ceou unhas bolechas para cans que lle trouxera a súa dona

e eu ceei o de case sempre: boliñas de carne! Mmmm... que rico estaba iso! Cando xa era de noite, deitámonos eu na miña caseta e Alberto nunha toalla ao carón da miña caseta. Eu creo que toda a noite lle estiven a falar a Alberto de como era a miña dona Alicia e o ben que me coidaba. Que era super cariñosa e que me contaba contos da súa avoa... E logo Alberto faloume da súa dona, Mariña. Ela era alta e estirada coma un pau, tiña moitos cartos e podía permitirse case todo o que ela quixese. E así toda a noite contándonos un ao outro como eran as nosas donas.

Ao día seguinte, Alberto e Mariña tiñan que marchar porque se non perdían o tren para ir a Inglaterra. Eu quedei moi triste. Entón Alicia preguntoulle se lle axudabamos a levar a equipaxe de man á estación. E, cando xa estabamos na estación despedímonos. Eu tentei coarme para ir con el, mais Alicia cachoume todas as veces que o tentei. Cando se estaba a pechar a porta do tren, díxenlle a Alberto: “Alberto, lémbtrate de min todas as noites, non me esquezas, eu farei o mesmo. E el dixo: “Sempre me lembrarei de ti, Charli”.

Esta tarde ía ser un pouco longa! Primeiro, recollemos e limpamos e, logo, o de sempre, ao parque. Ceei e deiteime. Pola noite lembreime de Alberto. Ao día seguinte, o mesmo. Sentíame moi ben con quen estou.

Aproveitádeo, meus amigos e amigas, que estades lendo esta historia. Síntoo, mais a historia remata aquí. Igual haberá un segundo libro... xa veremos. Un bico, adeus e até a próxima.

FUXIDA

Óscar Pérez Chorén (1º ESO B)

Abrín os ollos. Seguía só nese triste cuarto. Eran as cinco da mañá e doíame o ollo. Ao principio non sabía que me pasaba, mais pronto lembrei que a tarde do día anterior estivera enleado nunha pelexa na que os profesores tiveran que intervir. Sobre a parede gris chocaron dous escintileos de luz. Era un sinal. Levanteime da cama dun salto e asomeime á xanela. Unha sombra estaba a me facer acenos de lonxe. A luz da lanterna cegábame e non lograba ver quen era. Desde a xanela do meu cuarto podía ver o patio do orfanato. Con só catro farois acesos non daba para alumar toda a zona.

Á fin recoñecín aquela sombra. Era Roi, o meu irmán maior. Acababa de cumprir quince anos. Levabamos case un ano sen vernos. Cando miña nai morreu, meu pai meteume nun orfanato. O meu irmán xa había seis meses que vivía só. Foise de casa por que sempre estaba a pelexar co meu pai e un día, despois dunha desas pelexas, saíu pola porta e nunca mais o volvín ver, até hoxe.

O meu cuarto estaba no primeiro andar do edificio, así que para o meu irmán non sería difícil chegar até alí subindo e saltando por aqueles vellos tellados. Abrín a xanela e, sen pensalo dúas veces, saltei á cornixa mais próxima. Corrí sobre unha cuberta chea de brión e esvarei con tento por unha planta rubideira que cubría a parede exterior da biblioteca. Abrazoume con forza cando aínda estaba a uns poucos centímetros de chegar ao chan.

Tan só quedaba o muro que illaba o orfanato do mundo exterior. Era moi alto, mais o meu irmán tiña preparada unha corda cun nó, como os que viamos nas

películas de vaqueiros que gozabamos xunto á nosa nai. Guindouna cara ao ceo e no primeiro intento fixo firme nun saínte no alto do muro. Gabeamos e, ao chegarmos alén do muro, o meu irmán descubriu debaixo dunha chea de garabullos unha moto cor granate. Acendeuna, subínme no asento, agarreime tan forte como puiden e Roi acelerou a moto tan rápido que o ruído do motor aceleraba tamén o ritmo do meu corazón.

Chegamos ao paseo da praia da Madorra. Non podía ver nada xa que tiña os ollos cheos de bágoas polo vento e o frío, que non notei até que nos detivemos. O meu irmán tiña todo un plan deseñado desde había semanas. Pretendía recuperar os diarios da miña nai, que o meu pai vendeu cando ela xa non estaba. Descubriu que os tiña unha famosa historiadora que compartía oficio coa miña nai. Tratábase duns diarios que contiñan todas as investigacións realizadas pola miña nai, sobre uns supostos tesouros que uns corsarios ingleses roubaran e, por causas do destino, acabaron no fondo da ría no medio da batalla de Rande.

Sen pensalo, uninme ao seu propósito. Volveu ruxir o motor e nuns poucos minutos baixamos da moto diante da porta da mansión de Catalina Funier. Catalina era a filla dunha familia adañeirada e fora a única herdeira dunha gran fortuna que ela tampouco tiña a quen deixar. Vimos luces dentro da mansión e prememos un vello botón que deu lugar a unha sonora badalada.

Sentada á beira da cheminea, Catalina contounos máis de cen aventuras que vivira xunto á miña nai. Até ese momento, non sabiamos que a persoa á que o meu pai lle vendera os obxectos da miña nai era a súa mellor amiga e compañeira de investigacións desde que estudaron no Instituto de Coia.

Pasaron horas, días e meses, e agora, quince anos despois, Roi e eu estamos sentados na bancada dun vello barco que compramos nunha confraría da ría de Arousa e cun equipo de mergullo adquirido nunha tenda próxima á costa en Redondela. Coas garrafas cargadas de osíxeno, Roi botouse de costas á auga

suxeitándose as lentes. Eu fíxeno inmediatamente despois. A miña nai tiña razón, un gran tesouro atopábase alí, baixo a Ponte de Rande.

Así foi como o meu irmán e mais eu conseguimos que se recoñecese o traballo da nosa nai, e con eses beneficios creamos unha fundación de nenos orfos.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

MEDO

Adriana Barreiro Vidal (2º BAC D)

PREMIO DE BACHARELATO

Teño tantísimo medo
que nin penso en cal será
a miña próxima palabra.

E só quero afundirme na auga
coma unha folla de papel
e desfacerme.

A miña tinta está borrosa e corrida,
por toda a auga
que me roza agora a pel.

Teño tantísimo medo
e teño tantísimo frío
que nunca maio
soara tanto a finais de outubro.

A roupa apértame.
A miña xanela está tinguda de gris.
O meu corazón leva corpiño.

E teño tantísimo medo

porque está tan axustado
e non quero que estoupe.

Teño tantísimo medo,
tanto tanto,
que só espero que ti tamén o leves enriba.

Para que así,
cando nos vexamos hoxe,
polos menos eles
poidan ir de mans dadas.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

SORRÍ, AVOÍÑA, SORRÍ!

Nerea Pallarés Barca (4º ESO E)

PREMIO DO SEGUNDO CICLO DA ESO

Chegou a Lúa cos seus aloumiños,
tan branca, pura, riseira.
Con ela a luz que arrola os meniños,
asasina da xenreira.

Dúas estrelas rivais do sorriso,
borraban as pegadas
dos pozos que a noite predixo,
desventuras malfadadas.

O vermello do Sol abandonaba
as túas meixelas rosadas,
mais, penso que de luz abondaba
coa calor da túa ollada.

Sorrí, avoíña, sorrí!
Ilumina as miñas noites.
Sorrí, avoíña, sorrí!
Quero ver a lúa que escondes.

As montañas medraban das terras,
formando fermosos vales.

E contando os picos das serras,
mido eu a felicidade.

Chegaban montañas, Lúa e estrelas
ao son da gargallada.

Gocei das melodías máis belas,
o compás da gaita asomaba.

Sorrí, gaitiña galega!

Hoxe é noite de muiñeira.

Sorrí, avoíña, sorrí!

Dálle vida ás túas lerias.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

LIBERDADE

Candela Figueroa Suárez (1º ESO C)

PREMIO DO PRIMEIRO CICLO DA ESO

As cadeas do pasado
hoxe son “fociñadas”
que amortecen os nosos berros
de liberdade e de loita.

Somos todos necesarios,
e o respecto así se entende.
Os camiños son seguros
e poden ser diferentes,
aprender a ver a vida,
educando as nosas lentes.

A cor, o amor e o sexo
educado en igualdade,
que a xente só mire a xente,
con ledicia e con bondade.

Que o planeta sexa loita
e as persoas loitadoras,
pensando sempre nos outros
e lembrando a nosa historia,
camiñando sempre xuntos,
comprendendo a nosa forza.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

MIÑA TERRA

Alejandro Silva Troncoso (2º BAC D)

Galiza esquecida,
Galiza escachada,
por unha xuventude,
pouco concienciada.

Galiza esquecida
ás veces aflixida,
indo en declive,
coma corpo sen vida.

Terra de valentes,
de batallas e lendas
que xa hai moito caeu
nunha profunda fenda.

Xuventude despreocupada,
políticos mentireiros,
que abren no corazón
un fondo baleiro.

Ancianidade enganada,
de prexuízos contaminada,
que no mellor dos casos

non fará nada.

Fascismo manipulador,
fonte de rancor,
orixe do odio
do meu arredor.

Fai o galego esquecer,
os falantes tremer,
e coa súa influencia
sempre é quen de o facer.

Ven o nacionalismo como o peor,
coma un forte fedor,
facendo avanzar mellor
o patriotismo peor.

O patriotismo que impón,
sen ningunha redención,
a cultura do Borbón
coma única opción.

Galiza a miña terra,
Vigo o meu fogar,
esperta dunha vez
nazón de Breogán!

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

PINTANDO...

Nerea González Penabade (2º BAC D)

Collemos o pincel e enzoufámolo do noso sangue,
trazamos a primeira liña,
non debe ser nin moi recta, nin moi curva;
iso si, ti elixes onde acaba.

Cando xa pintamos a liña,
mollamos, nas nosas bágoas, o pincel;
debes diluír ben a anterior cor para empregar a seguinte.

Enzoufa o pincel na túa suor,
mais esta vez non imos pintar unha liña,
esta vez imos pintar un círculo;
ti es o círculo, debes esmerarte,
non podes finxir, aquí todos sabemos quen es ti;
a pregunta é, quen queres ser?

Queres un círculo moi alongado, case atlético?
Ou mellor un círculo regordiño de ledicia?
Queres un círculo cunha liña moi grosa,
onde ninguén poida penetrar xamais?
Ou mellor un círculo cunha liña mais fina,
que calquera pode borrar?

Ti escolles, e axiña; falta pouco para trocar de cor;
e cando iso ocorra xa non vas poder mudarte.
A liña foi fácil porque non é a túa decisión,
xa non hai volta atrás, tes que estar pintando...

Quédache pouco tempo, estás preparado?

E cando a agulla chegue ás doce, Cinsenta volverá ser quen era,
esvaecéndose con ela os seus zapatíños de cristal.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

ELA

Andrea Braque Rodríguez (2º BAC D)

Se voares, verías que estás nunha gaiola.
Se parares de soste o mundo, verías que non se cae.
Se pensares en ti, todos estaríamos igual de ben.
Serías feliz se a sorte estiver ao teu carón.
Sería máis fácil se non estiveres soa.

Se volve chover, seguiremos unidas.
Se damos pasos para atrás, polo menos loitamos.
Se estamos xuntas, nada nos fará perecer.

Seguiremos sendo anxos da garda
aínda que o ceo xa o teñamos gañado.

Para miña nai que refulxe aínda que a procuren apagar.

RECORDOS PERDIDOS

Patricia Lourido Otero (2º BAC B)

Unha gran nube negra que avanza
no interior da súa cabeza.

Unha masa que arrasa con todo
e destrúe os seus recordos.

A súa memoria vaise perdendo,
os seus coñecementos van desaparecendo,
cada día cústalle máis recordar.

Fai un gran esforzo, trata de non esquecer.

No entanto, sabe que non hai volta atrás
e que ninguén o poderá cambiar.

Así que elixe gozar,
decide deixar de sufrir
e comeza, de novo, a vivir
porque é absurdo seguir loitando
contra algo que sabes que acabará pasando.

AMÉRICA É FEMININO

Andrea Braque Rodríguez (2º BAC D)

O soño global é o americano.
Hollywood fixo moito dano.
Buses amarelos, clubs e animadoras.
É iso ao que aspiramos todas?

As longametraxes son arte
mais foron capaz de ferirte.
Trastornos crearon en nós
ao querer ser Barbies loiras con Photoshop

Após o masacre, soubo rendibilizar
unha industria na que ficara atrás.
Pondo a súa nación por bandeira
obligounos a crecer á súa beira.

Cos capitáns do equipo de fútbol e a prom
High School Musical foi o anfitrión.
As inimigas do canon fomos marxinadas
por una sociedade enferma de miradas.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

ELA

Ingrid Caamaño Tubío (4º ESO E)

Os seus beizos
esconden versos,
misterios
os seus ollos.

Ela esconde historias
no seu corazón,
emocións en nora
en forma de segredos.

Ela escribe contos
na súas costas,
tinta de soños
percórrea enteira.

Ela quere ser bolboreta,
quere tocar o ceo,
a súa próxima meta,
sen ataduras.

Ela garda unha árbore de recordos
nos seus petos de morriña,
e no brillar dos seus ollos
un desexo descoñecido.

Moi poucos saben lela
e pérdense un tesouro,
ela é primavera

chea de flores de luz.
Ela é arte-sa
de palabras
e pinceladas
do azul dos seus ollos.
Agáchase con adornos
sen darse de conta
de que o máis belo,
é o que esconde tras o disfrace.
Ela abandonouse á literatura
e escribindo cada noite
encontrou a cura
da súa soidade.

Ela é estrela
escintilando na noite,
esfera bela
cun manto de luces.
Ela é miña meniña,
fugaz e misteriosa,
alegre e tranquila...
Ela é Poesía.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

TEMPO PASAXEIRO

David Pérez Cameselle(4º ESO B)

Canso deste mundo,
cheo de nocivas mensaxes
e odio sen xustificación.

Esgotado de ver a murcha rosa,
que loita por non ser derrubada,
por sobrevivir neste señorial xardín.

É tan fácil describir a rosa do meu xardín,
sen tan sequera saber como está,
sen sentimentos que compartir.

Ela é coma ti, reforzada para se defender,
resistente contra chuvias e tormentas,
sen moverse do sitio coma pedra no camiño.

Coitada rosa! Ti que vives neste mundo,
cal é o segredo de sobrevivir?
Pois eu xa quero desistir.

Se eu puider entenderte,
e ti puideres falarme,
todos deteríámonos a escoitarte.

Porque ti o ves e o sentes,
nós só camiñamos no tempo
que adoita ser pasaxeiro.

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

SEN TI

Sandra Caamaño Tubío (2º ESO F)

Hoxe vou facer memoria
para contarvos a nosa historia.
El pediume no parque quedar
porque me tiña unha cousa que contar.

Cando cheguei alí, el xa estaba
nun banco sentado mentres agardaba.
Vin que tiña os ollos chorosos,
entón agardei a que parasen os saloucos.

Miraba todo o tempo o chan,
que fermosos os seus ollos eran...
Cando puido falar,
Díxome que ía marchar.

Pensei que xa non me quería.
Entón tinguíronse de negro os meus días.
Sempre os iluminabas cando aquí vivías.
Como unha estrela guía.

Tan fermosos
eran os teus ollos....
Tan brillantes eran...
que me deixaron cega!

SABOROSO SON DOS VERSOS SALGADOS

SENTIMENTOS MIXTOS

José Paulo Paes de Oliveira(1º ESO C)

Levantei a vista até que estiven canso
de me mirar aos meus propios ollos no espello.
Chorei para rematar
as flores no vaso

Estanse apretando os puños
e todo o meu corpo.
Hai flores que cobren o xardín
e debaixo da miña cama.
Hai flores por todas as partes.
Hai flores por todas as partes que me paro a mirar

A dor curará as miñas ansiedades.
O soro ten gusto de flores.
As flores cheiran a morte.
A dor curará estas feridas.
As flores de plástico nunca morren
e nunca morrerán.

AS MIÑAS PALABRAS FAVORITAS

Hugo Costa Nogueroi (1º ESO C)

Hoxe quixen escribir
para que vos podades rir,
palabras galegas que me gustan
e que a un madrileño asustan

Se a Galiza unha vez vés
morriña seguro que tes.
Pronto has querer volver
e as filloas seguro comer

Pódenos dar unha *arroutada*
e saír todos á estrada,
ou pódenos dar por falar
e falamos sen parar

Parece que aquí sempre chove
aínda que sexa o día nove,
porén, chove *miudiño*,
é dicir, cae auga en pequeniño

Aquí todo é moi *enxebre*,
nótase até no orfebre,

que fai as xoias moi galegas
aínda que as faga a cegas
Todas as cousas teñen *xeito*
e por iso podemos sacar peito.
Temos a mellor gastronomía
e en literatura a mellor é Rosalía

Está de moda o *sentidiño*
e non é un sentido pequeniño;
é que te portes ben en grande,
así o virus non se expande

Malo será que algunha non vos guste
e espero que ningunha vos disguste.
Seguro que algunha usades
ao escribires ou cando falades.

A REVOLUCIÓN DIXITAL

Samuel Matalobos Vázquez (1º ESO B)

As afeccións cambiaron,
ai! esta mocidade
xa chegou a revolución
de toda a humanidade.

As rúas están baleiras,
ninguén sae a xogar,
as pantallas acendidas
e todos no seu fogar.

As tecnoloxías apoderáronse
das mentes e das actividades
aínda que son doadas
e dannos facilidades.

O poder dos videoxogos
apárvanos o cerebro
seguimos a corrente
como a auga do Ebro.



IES ALEXANDRE BÓVEDA

VIGO

